

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/16	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	23 de decembro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:33 ata as 22:57 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretario</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**Sra. Alcaldesa:** Boas noites a todos, me informe o portavoz do Partido Popular que a Concelleira Ángela Valcárcel se incorporará máis tarde, polo tanto damos comenzo ao Pleno.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta sesión número 2021/13, extraordinaria do 30 de setembro

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/13, extraordinaria de 30 de setembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sr. Núñez Troncoso:** Na páxina 30 onde pon punto 1, no apartado 1 pon “parcelas” faltaría “sen construción” e no 2 o mesmo “parcelas sen construción” ese foi o acordo que se votou e quedou sen recoller.

**Sra. Alcaldesa:** Efectivamente ese era o acordo, recollémolo.

**VOTACIÓN:** Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/13, extraordinaria de 30 de setembro; sendo aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** Concelleiros presentes nesta sesión.

b) Acta sesión número 2021/14, extraordinaria do 5 de outubro

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/14, extraordinaria de 5 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.



**VOTACIÓN:** Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/14, extraordinaria de 5 de outubro; sendo aprobada por DEZ VOTOS A FAVOR dos/das Concelleiros/Concelleiras Sr/Sra. M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González, Miguel González González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso e Noelia Pérez Domínguez e DUAS ABSTENCIÓNS do/da Concelleiro/Concelleira Sr/Sra. Primitivo González Souto e Ana Cristina Pérez Cabaleiro (PP).

**Incidencia:** Sendo as 20:39 incorpórase á sesión a Concelleira Ángela Valcárcel Bernárdez

**Expediente 3249/2021. Aprobación definitiva das modificacións da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles e do seu Texto Refundido**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Pereira González:** Imos coa última sesión do ano e haber se somos quen de deixar aprobada definitivamente as modificacións que temos en curso da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles o IBI e ademais tamén se propón neste punto unha aprobación dun Texto Refundido deste imposto. Referente ao IBI temos distintas modificacións que se foron facendo ao largo dos anos e o certo é que a día de hoxe hai unha dispersión normativa bastante amplía, foron múltiples as modificacións que se foron levando a cabo e en cada modificación se publica só o texto da modificación e a día de hoxe, tanto para a veciñanza como para nós mesmos, é un pouco complexo ir buscando segundo para que cousas un texto ou outro texto. A proposta de texto refundido é para ter nun único texto todas as modificacións que se foron levando a cabo nos últimos tempos e que están en vigor a día de hoxe, ás que se sumarían estas dúas que se pretenden aprobar hoxe.

Polo que respecta ás modificacións que se traen hoxe temos en marcha dúas modificación de ordenanza. En primeiro lugar, unha modificación aprobada inicialmente no pleno do mes de xuño, na que se aprobou inicialmente baixar o tipo impositivo ao 0,4 pasando do 0,5 ao 0,4 fixándoo no mínimo que a Lei permite que é ese 0,4. A esta modificación no período de alegacións presentáronse dúas alegacións de Xosé Manuel Suárez e Luciano Guerra, relativas por unha banda á inxustiza desa baixada, falta de estudio económico e a falta de consulta previa. Estas dúas últimas cuestións foron respostadas no informe de intervención, tesourería e secretaría, xustificando porqué non son precisas esas dúas cuestións e polo tanto se propón desestimar a alegación no que a iso se refire. En canto á inxustiza da baixada esa é unha cuestión que non lle compete á parte técnica informar máis alá das



consecuencias económicas que poida ter, senón que é unha decisión que ten que tomar esta Corporación. A proposta de baixada foi unha proposta deste equipo de goberno que se aprobou por unanimidade da Corporación e como dixemos, o proceso de revisión catastral afecta a unha maioría moi amplía de Salceda e con esta baixada facemos que afecte un pouquiño menos. A baixa do tipo é para todos en ningún caso causa prexuízo a ninguén, a uns lles afectará en maior medida ou en menor medida en función das propiedades que un teña, o que non podemos facer, o que non podemos á hora de tomar unha decisión deste tipo é velo en efecto comparativo, nin dividir o tipo impositivo por veciños dunha zona ou veciños doutra zona, polo tanto, a proposta do equipo goberno é manter o acordo como aprobou esta Corporación e desestimar as alegacións para manter o acordo de aprobación inicial de baixada do tipo impositivo ao 0,4%.

Por outra banda, temos en marcha tamén a modificación para incluír bonificacións e exención, sempre dixemos neste proceso que o máis inxusto eran aqueles terreos que estando situados en núcleo rural e sendo potencialmente urbanos, non reunían os requisitos mínimos, nin as condicións urbanísticas necesarias para poder levar a cabo unha edificación. Amparándonos no artigo 74.1 da Lei das Facendas Locais buscamos encaixe para meter bonificacións a dous tipos de parcelas, que son as que non tiñan superficie mínima para construír e as que non contan con acceso rodado e que son as que Catastro na valoración xa lle aplica un coeficiente redutor, que neste caso son o “G” e o “H”. É certo que hai máis coeficientes redutores, é certo que hai máis características que impiden a edificación, pero tamén é certo que a bonificación debe ser unha excepción e non unha xeneralidade, non podemos abrir un listado de bonificacións e bonificar todo o que existe, polo tanto a decisión que se tomou foi a de establecer estes dous coeficientes que son os que dan resposta e dan solución a un número maioritario. Falamos de que esta bonificación vai a bonificar en torno a 10.000 parcelas, polo tanto un número que dificilmente se pode lograr con outros criterios. A proposta é bonificar nun 90% as parcelas con un coeficiente redutor “G” e “H” por non ter superficie mínima, por non ter acceso rodado e ademais tamén exención para aqueles recibos de menos de 7 €.

A este proceso de modificación tamén se presentaron dúas alegación de Xosé Manuel Suárez e Salustiano Guerra e nesta ocasión o que se alega é que as bonificacións sexan aplicadas de oficio e non a instancia de parte. Pola nosa banda, pola parte do Goberno propomos manter o acordo tal como estaba, esa é unha cuestión que se debateu no pleno de setembro, o resto de bonificacións deben ser solicitadas e polo tanto esta bonificación debe ser solicitada tamén. As bonificacións son un beneficio que a administración ofrece, polo tanto a persoa que se vai a beneficiar é a que ten que solicitalo, na nosa man está abrir a posibilidade pero a na man de quen se vai a beneficiar está o ter que solicitalo. A nosa proposta é manter o texto como na aprobación inicial no que a esta cuestión respecta, sen embargo dende o equipo de goberno si que introducimos dúas pequenas modificacións ou aclaracións ao respecto do texto inicial, froito dunha reunión mantida coa dirección do ORAL. Como



lembrares naquel pleno de setembro recibíramos un día antes un informe do ORAL respecto destas bonificacións, un informe desfavorable tanto no contido como na aplicación, ese informe chegou un día antes do pleno o pleno xa estaba convocado e esta Corporación aprobou ese acordo a pesar de ese informe e asumindo os informes desfavorables de intervención e tesourería pero evidentemente, ante ese informe, dende o Goberno nos reunimos coa dirección e co equipo xurídico de ORAL para buscar unha solución para chegar a un punto de acordo e que o noso organismo encargado de xestión non quixese impugnar unhas bonificación que nós queríamos aplicar. A solución ou a proposta pasou por incluír no texto a definición de núcleos rurais, tal como ben no artigo 74 da Lei das Facendas Locais é unha incorporación dunha definición que non muda o contido da proposta e polo tanto, consideramos que era unha boa proposta e a maiores e tendo en conta as datas nas que nos movíamos e que sabendo que a aprobación definitiva sería nunha data avanzada de decembro, lle pedimos si nos poderían ampliar o prazo de solicitudes, se nos conceden dous meses de ampliación pero evidentemente temos que recollelo na Ordenanza, porque nós na Ordenanza poñemos que se debe pedir antes do 1 de xaneiro, polo tanto deberemos incluír tamén esta modificación, plasmar na Ordenanza que excepcionalmente este primeiro ano o prazo de solicitudes se alarga en dous meses.

Fago un breve resume do que temos sobre a mesa: dúas propostas de modificación, dúas alegacións a cada unha das propostas de modificación, desestimación das alegacións e incorporación da proposta do ORAL para chegar a un punto de encontro e que non sexa o noso organismo encargado da xestión o que queira botar a baixo estas modificacións.

**Sr. Núñez Troncoso:** Como dicía a Concelleira de área, se presentaron dúas alegacións a este procedemento, unha sobre a baixada do tipo do 0,50 ao 0,40 e outra sobre a aplicación de bonificación do 90% sobre determinadas parcelas. Respecto ao do tipo estas reclamacións o que din, en síntese, plantéxase a retirada da proposta da baixa do tipo, nós loxicamente estamos en contra sobre esa retirada polo que estamos a favor de que se aplique ese desconto do 20% para o 2022 e no seu día, cando propuxemos esta rebaixa argumentamos, motivamos non só no procedemento simplificado o chamado catastrazo senón que tamén no período do 2010-2020 os valores catastrais do Concello se incrementaron un 33,5% grazas en parte ao anterior Alcalde, Marcos Besada e grazas en parte tamén a anterior Alcaldesa M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira, o cota do IBI subiu en dez anos no período 2010-2020 un 42%, un 42% a todo o Concello, tanto o casco urbano como aos núcleos rurais, as parroquias, polo tanto cando se plantexou esta rebaixa non se tivo en conta o incremento deste do 42% para todo o Concello, é dicir con este rebaixa do 20 puntos queda o incremento nun 22%, que creo que máis ou menos é razoable. Respecto das bonificacións da aplicación do 90% coincidimos plenamente co solicitado nestas dúas reclamacións, non tanto no que é a argumentación da reclamación pero si no que se solicita, que é a aplicación de oficio, aplicación de



oficio que nós cando foi a aprobación inicial o 30 de setembro plantexamos tamén vía emenda e foi rexeitada polo goberno e pola Alcaldesa, goberno e Alcaldesa que optan porque os veciños veñan a rogar ano tras ano a este Concello a aplicación desas bonificacións e será a Alcaldesa e o Goberno quen emitan o informe correspondente para remitir ao ORAL, polo tanto isto é alucinante o que aquí se plantexa. O Goberno municipal ten todos os datos para poder aplicar esa bonificación de oficio, sen embargo prefiren que os veciños veñan en peregrinación ano tras ano a rogar esta aplicación da bonificación, o último que se acaba de sacar a Sra. Alcaldesa da chistera, modificación do texto aprobado inicialmente ou ampliación, máis ben sería ampliación. O día 15 deste mes a Alcaldesa firma unha providencia onde se amplía, se modifica o texto aprobado inicialmente, modificación-ampliación que non tivo o seu período de exposición pública, presentada incluso fora de prazo e en qué consiste esta modificación-ampliación que nos trae a Alcaldesa a este pleno? Pois consiste en ampliar o prazo para solicitar as bonificacións neste primeiro período de aplicación, valga a redundancia, ata o 1 de marzo, e o máis grave, leo textual o texto que se aprobou o 30 de setembro: *“a aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, ORAL, a petición do titular do inmovible e será revisada anualmente antes do 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto”*. Isto é o que está exposto a exposición pública ata o día 13, que foi cando acabou a exposición pública, proposta modificación-ampliación que nos trae agora a Alcaldesa, *“a aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación a petición do titular do inmovible”*, ata aquí todo correcto, *“previo informe do Concello”*, esta é unha coletilla un engadido, isto non estivo a exposición pública e *“será solicitada anualmente antes do un de xaneiro do exercicio que deba surtir efecto, excepcionalmente no primeiro ano de aplicación o prazo de solicitude amplíase ata o 1 de marzo”*, que foi o que dixen antes, ou sexa, como se di coloquialmente hai que pasar polo aro do goberno, parece máis ben que estamos en época feudal e non no século XXI e diríxome aos veciños que están presentes e aos que nos seguen pola canle de youtube, fagan vostedes unha pequena reflexión, si realmente as parcelas que son susceptibles de bonificación están claras, están definidas porque se saben cales son agora mesmo a qué ven que haxa que remitir informe ao ORAL? A qué ven ese informe? Isto é moi grave e se vamos ao informe conxunto da Sra. Interventora municipal e da Sra. Tesoureira Municipal di: *“Cómpre destacar que podería non tratarse dunha auténtica alegación senón máis ben dun defecto na tramitación inicial que se está a corrixir por petición do ORAL, cómpre por de manifesto a necesidade de que as redaccións iniciais dos textos normativos dos Concellos deberán realizarse de maneira máis completa e correcta posible, deste xeito os afectados, os interesados contarían co trámite preceptivo de exposición pública e alegacións, no presente caso os dereitos se ven mermados e afectados e mesmos conculcados pola forma de proceder”* isto é unha indefensión clara e pura, é dicir , tería que ir todo isto, que acabo de dicir , a exposición pública e non o foi, se está omitindo un trámite e isto é moi grave. Imaxinen vostedes que algún veciño acuda a vía contencioso sobre isto que non foi a exposición pública, perfectamente se podería declarar o acordo nulo, qué pasaría coas bonificacións concedidas? Pero e que a





responsabilidade deste Goberno non para aquí, qué pasaría se a publicación da aprobación definitiva é posterior ao 31 de decembro? Pois pasaría o seguinte, que os veciños non se lles poderían aplicar as bonificacións para o exercicio de 2022, e si é así, esperemos que non, nos poderían dicir cando poden solicitar os veciños as bonificacións para o 2022? Nos poden dicir cando poden presentar reclamacións á coletilla “previo informe do Concello?”

Outra cousa moi grave que pasou estes días neste Concello, nos gustaría saber de quen reciben instrucións o persoal que está en rexistro, porqué non se recolleron por rexistro as solicitudes de bonificación presentadas por varios veciños tras a finalización de exposición de pública? A pesar das trabas que se impoñen aos veciños a moi dubidosa legalidade desta proposta, a nosa posición en aras de minorar a carga impositiva aos veciños como foi sempre dende o primeiro momento, a pesares de todo iso, vai ser favorable, porque queremos que se apliquen esas bonificacións, si ben este Grupo quero recordar que plantexou ampliar as bonificacións, plantexou que se bonificaran tamén co 90% as parcelas que teñen desmonte excesivo, plantexou tamén que se bonificaran co 90% as parcelas que non teñen superficie mínima de acceso a vía pública, plantexou bonificar un 10% os núcleos rurais, as parroquias, dado que todo mundo sabe que as parroquias, os núcleos rurais, dispoñen de menor grado de servizos que o centro urbano, propostas todas elas rexeitadas pola Alcaldesa e o grupo de goberno. Insisto, a nosa posición vai ser favorable aínda a dubidando da legalidade desta proposta que se trae aquí a pleno. Queremos pedirlle a Sra. Alcaldesa, dado que hai dúas reclamacións que se plantexa modificar dous artigos da Ordenanza queremos que esas reclamacións se voten por separado.

**Sra. Alcaldesa:** As reclamacións non se poden votar por separado pois son unha soa proposta e hai que votalas de unha soa vez. En canto aos distintos plantexamentos que fai o Partido Popular en relación con esta ordenanza, creo que levamos 16 plenos este ano, deses 16 plenos nunha gran parte deles falouse do IBI senón en todas as sesión case, ademais, se fixeron tres plenos extraordinarios para tratar o tema do Imposto de Bens Inmóveis. Creo que é un tema suficientemente importante para ser tratado moito pero tamén creo que despois de tres plenos extraordinarios e despois de ser, xa sexa en preguntas, rogos ou a través de mocións, creo que hoxe sería importante quitar este tema adiante e creo que moito dos puntos xa están debatidos. Non obstante, teño que aclarar sobre todo porque o compañeiro do Partido Popular, por un lado, di que quere apoiar esta proposta que traemos hoxe aquí e por outra, está dicindo que ten as súas carencias legais, poñendo tamén desculpas, creo que todos os que estamos nesta Corporación, os trece membros Concelleiros e Concelleiras deste Corporación, queremos quitar adiante estas propostas e esta modificación do texto refundido. Claro que traemos un texto refundido, todas as publicacións que estivo habendo nos últimos anos en relación a este imposto no Boletín, cousas que se foron modificando sobre todo ao longo deste ano, co cal temos que ter unha ordenanza clara e publicada e transparente para que a xente



poida saber a que se atén. Información ademais que será posta en coñecemento da veciñanza en canto se aprobe neste pleno, se é así o teñen a ben os compañeiros do Partido Popular. Porqué en rexistro non se permitía solicitar as bonificacións do IBI? Pois porque estamos aquí aprobando definitivamente a Ordenanza, non se pode solicitar algo antes de que se aprobe de forma definitiva, entendo que iso como concelleiros e concelleiras somos capaces de entendelo, o Pleno ten a última palabra, ten que acordarse a aprobación definitiva e ten que realizarse a publicación para que se poida solicitar. O compañeiro do Partido Popular nos leu o informe que dicía que a modificación que se fai é porque nola solicita o ORAL. Nós mantemos unha reunión coa directora do ORAL, o equipo técnico, a Concelleira de Facenda e eu como Alcadesa e nesa reunión co ORAL para poder aplicar toda a normativa de baixa do tipo impositivo das bonificacións do 90% da exención dos recibos menores de 7€, nos solicitan que ese texto teña iso, o informe. Non se trata de que o Concello informe cada petición que nos chegue o que nos solicitan, é que se faga un informe dende o Concello, dende Urbanismo, facilitando todas esas parcelas que teñan ese coeficiente “G” e “H” sen construción e que estamos bonificando. Non é que este equipo de Goberno decida porque se meta por rexistro a petición si este si ou este non con un informe, o ORAL nos di que para aplicar esta Ordenanza temos que enviar un informe coas parcelas a tempo para que eles poidan aplicar. É unha petición de xestión, co cal creo que aí non se está cometendo ningunha ilegalidade e o que estamos tratando de facer é facilitarlle a xestión á veciñanza, son unhas bonificacións que, como dicía a compañeira de Facenda, benefician á veciñanza, nunca van en contra de alguén.

En canto ao que comentaba de que se fixo unha modificación para incluír a ampliación do prazo, creo que tamén niso deberíamos estar todos de acordo, sabemos que hoxe é 23 de decembro, sabemos que esta ordenanza se ten que publicar antes do 31 de decembro e entendo que deberíamos incluír polo menos eses dous meses que negociamos co ORAL para ampliar o prazo, indícalo, creo que é o mínimo. Despois o Partido Popular ven co de sempre, despois de 16 plenos, este ano en que todas as propostas son deles, eu explícolle que as propostas fainas o goberno, creo que llo explicamos Pleno tras Pleno, creo que o Concello fixo o seu traballo neste procedemento simplificado, baixouse o tipo impositivo, reduciuse do 0,5 ao 0,4, creáronse oficinas de información e volveuse a poñer en marcha cando foi necesario, rebaixáronse os recibos os que teñen os coste menor de 7 euros se consideran exentos, fixemos as bonificacións do 90%, creo que o Concello e este equipo de Goberno fixo o traballo, o que estaba na súa man para facilitar todo o posible á veciñanza e arranxar as situacións inxustas que provocaba este procedemento simplificado do IBI e creo que xa anunciaron que ían a apoiar pero dende logo, volvo a reiterar que isto é responsabilidade de todos, un tema tan importante coma é o IBI e espero e tal como anuncia que se aprobe por unanimidade como se foron aprobando tantas bonificacións, como as exencións como todo o que se aprobou como estabamos facendo agora. É algo que xa se debateu, é a aprobación definitiva e un Texto Refundido que recolle con claridade todo o que se foi





aprobando, non so este ano, senón nos últimos anos en canto ao Imposto de Bens Inmóbles.

**Sra. Pereira González:** Resumir o que se pretende aprobar hoxe aquí, dúas modificacións sobre a Ordenanza Reguladora do IBI, dúas modificacións que veñen a completar a serie de medidas que anunciamos que íamos a levar a cabo tras ter coñecemento do procedemento simplificado de valoración colectiva e que son as medidas de carácter económico e que no fondo máis lle importan e lle afectan a veciñanza.

Por un lado a baixada do tipo impositivo pasando do 0,5 ao 0,4 para fíxala no mínimo permitido pola Lei. Por outro lado, bonificacións do 90% para as parcelas que non teñen a superficie mínima de 450 metros, bonificación do 90% para as parcelas que non teñen acceso rodado e exención para aqueles recibos de menos de 7€ e a maiores a ampliación do prazo de solicitude ata o 1 de marzo, iso é o que pretendemos aprobar hoxe aquí. Unha batería de medidas económicas cunha repercusión económica importantísima nas arcas deste Concello, unhas bonificacións que van a dar cabida a máis de 10.000 parcelas, a bonificación máis grande na historia deste Concello, máis de 10.000 parcelas se poden acoller a estas bonificacións e vostede se queda con que se causa un prexuízo a veciñanza porque se introduce unha definición do artigo e porque se amplía en dous meses o período para solicitude, si o resume do seu informe é ese, o informe non entra a valorar o contido senón simplemente o procedemento. A verdade eu non sei cal é o prexuízo que vostede cree que se lle está causando á veciñanza con incluír unha definición do texto e con ampliar dous meses a solicitude. O que estamos facendo con esa inclusión dese texto é intentar salvaguardar esta modificación e que dende o ORAL non intenten impugnala, iso é o que estamos facendo con esta modificación, ao mellor o Partido Popular está preocupado porque a quen se lle causa un prexuízo é ao Partido Popular ou a súa credibilidade. Tiveron a ben montar un gabinete de asesoramento á veciñanza cando non tiñan a información precisa nin a estaban dando correctamente, é normal que vostedes non souberan que si ía a ampliar en dous meses o prazo de solicitude, é normal porque foi unha xestión deste Goberno co ORAL, o que non é normal é que vostedes envíen aquí a veciñanza a solicitar unha bonificación que non está aprobada, e iso vostedes si o sabían. Vostedes sabían que isto aínda tiña que vir a sesión plenaria e aprobarse. Se un veciño ben e presenta un escrito en rexistro, en rexistro temos a obriga de collelo pero tamén temos a obriga de informarlle que esa solicitude non vai ser viable, esa solicitude é dunha bonificación que non está aprobada e iso si que é causarlle un prexuízo á veciñanza, envíalos ao Concello con unha información errónea e ter que volver a vir despois cando se aprobe e cando entre en vigor.

En canto a que os valores catastrais se incrementan ano a ano, os valores catastrais se incrementan conforme aos porcentaxes de catastro, non é unha subida é un aumento porcentual igual que sube o PIB igual que sube a vida en xeral. Insisto en



que o que se pretende aprobar é unha modificación da Ordenanza para incluír unhas medidas de carácter económico importantísimo para a veciñanza.

**Sr. Núñez Troncoso:** O organigrama do Concello que aprobaron vostedes, a RPT o rexistro depende de Secretaría Xeral, que nos conste a Secretaria xeral non deu instrucións para que se enviaran eses veciños de volta e non deu instrucións para que non se recollera esa documentación, se esa documentación non está presentada en prazo como vostedes queiran chamarlla, hai que recollela igual, despois lle mandaran vostedes un requirimento ou o que proceda, pero hai que recollela igual, e a Secretaria municipal non deu esas instrución, aquí os responsables son vostedes non é o Partido Popular.

Falan vostedes do informe do ORAL, o informe do ORAL é este que informa para o Concello cunha ponencia aprobada entre 1990-1993, pero é que o noso é do ano 1987, o informe o que di ao final non di que emitan vostedes un informe, que fagan unha relación que é moi distinto, o matiz é moi importante, vostedes poñen na Ordenanza "informe" e aquí o que di é "relación" Sra. Alcaldesa. Din vostedes que presentaron as propostas, me quere dicir cantas propostas partiron de vostedes? Cantas? Con convocatorias, solicitudes de plenos extraordinario, se fose por vostedes aínda hoxe estaríamos esperando, 11 de novembro de 2019 aprobar inicialmente o procedemento para baixar o IBI do 0,50 ao 0,486, a día de hoxe aínda está sen convocar o pleno. En agosto de 2020 presentamos unha moción para reiterar iso para que se volviera a convocar o pleno para iniciar o procedemento para a rebaixa, vostedes rexeitaron esa moción, que curiosidade que foi cando se iniciou ese procedemento por Catastro. Din vostedes que presentaron propostas, me queren explicar de onde saen 1.800.000€ que contemplaron no orzamento, neses 1.800.000€ contemplaban vostedes diferir os atrasos, repartir os atrasos en tres anos? Non me diga vostede que tiñan propostas pensadas. Cando os veciños viñeron aquí a presentar a solicitude primeiro, non hai un modelo específico que vostedes anunciaron que ía haber, nin o día 14 nin hoxe, tiñan a obrigaón de recoller a documentación e non o fixeron, as solicitudes se presentaron despois de finalizar o prazo de reclamacións polo que o acordo é definitivo. Este Grupo con entrada de rexistro 1 de decembro enviou un escrito dicindo "*que se emita bando informativo dando a coñecer o seguinte: prazo a partir do cal se pode solicitar a bonificación do 90, modelo e documentación a presentar, parcelas susceptibles de aplicarlle dita bonificación e que se habilitara un punto de informe para solicitar as bonificacións*" non fixeron caso e bando informativo menos. A 14 de decembro me poden dicir que data oficial teñen os veciños para solicitar a bonificación? Era o 31 de decembro o prazo que tiñan polo tanto se hai vontade deste goberno de axudar aos veciños esa documentación se recolle, aínda que faltase a publicación do BOP se pode considerar igual como solicitude de bonificación, salvo que vostedes non teñan interese.

En canto ao informe do ORAL, vostede dixo antes, Lucía, que era desfavorable, a palabra desfavorable nese informe non aparece por ningún lado, e por moi desfavorable que sexa non corresponde a Salceda de Caselas, será outro Concello



pero a Salceda non se refire. Falaba vostede da aplicación dos coeficientes, 22 de marzo de 2017, firmado por Marcos David Besada Pérez, solicita a aplicación do coeficiente 8% para o 2018 para o 2019, 3% solicitado por María Dolores Castiñeira para o 2020 non é que o aplique directamente o Ministerio de Facenda.

**Sra. Alcaldesa:** Volvo a repetir, 16 plenos dedicados ao Imposto de Bens Inmóbles, non se pode dicir que este equipo de goberno non fixo nada en relación co procedemento simplificado do IBI cando se trae hoxe unha batería de medidas para a aprobación definitiva. Non vou a repetir o que comentou a Concelleira de Facenda porque levamos 16 plenos repetindo e a exposición da Concelleira de Facenda creo que foi moi clara, o que si me gustaría insistir, creo que o concelleiro Joaquín leva moitos anos de concelleiro como para saber que unha aprobación definitiva dunha Ordenanza non é efectiva ata que pasa unha aprobación plenaria, ou vamos a saltarnos agora todos os procedementos que ten este pleno. É unha competencia plenaria, aprobouse inicialmente e ten que pasar pola aprobación definitiva antes da aplicación, creo que isto de escoitar que xa é de aplicación antes de traelo a aprobación definitiva é o máis inaudito que podemos escoitar neste pleno, creo que xa se debateu tantas veces o tema do IBI que o compañeiro do Partido Popular non ten moito máis que dicir que quita non sei de onde que xa era executiva e xa podían presentar reclamacións. Claro que vai haber o impreso, claro que se vai a informar á veciñanza, que conste que xa se informou a través tanto de redes como nos taboleiros de anuncios como na páxina web de todas as medidas que se estaban a tomar, pero este equipo de goberno é serio, non vai a entregar unha solicitude de bonificación antes de aprobar unha Ordenanza definitivamente antes de aprobar cal é o prazo, antes de aprobar todo. O Partido Popular cree que está facendo unha oposición construtiva e sería informando á veciñanza de algo que non está aprobado e que non sabe como se aplica. Eu entendo que queira informar, agora os procedementos son os que son e por favor non confundamos a veciñanza dicindo que o acordo xa estaba tomado cando non está a aprobación definitiva, que estamos a facer entón aquí neste punto do pleno? Todas as medidas quedaron claras, a exposición da Concelleira de Facenda foi clarísima.

**Sra. Pereira González:** Dezaseis plenos neste ano coa excepción de dous, en catorce plenos se debateu o IBI e creo que están ben claras as posturas e propostas de cada quen. En canto ao informe do ORAL, como di que non é un informe de Salceda? É un informe feito a petición de Salceda e é unha resposta a Salceda, se equivocaron no ano da ponencia como pasa en moitas outras ocasións, pero é un informe feito para Salceda. Ao mellor non lee a palabra desfavorable pero creo que pode ler ben claro que di *"dende ORAL non atopan que as bonificacións que nós pretendemos aprobar teñan amparo no artigo 74.1"* o di ben claro e di tamén que non están dispostos a asumir a xestión, por iso que o Concello ten que enviar un informe, porque non están dispostos a ir vendo si cada unha das solicitudes cumpre o requisito ou non cumpre.

En canto ao da aprobación definitiva, me parece mentira que un Concelleiro estea dicindo isto, ao día seguinte que remate o día de alegacións xa é aprobación



definitiva cando aínda se non hai alegacións a aprobación definitiva ten que se facer unha segunda publicación de aprobación definitiva, aínda a día de hoxe non é aprobación definitiva, hoxe estamos aprobando no pleno e será a partir de cando se publique por segunda no BOP vez cando entre en vigor, nin sequera hoxe, será a partir de luns ou martes cando se publique no boletín. Informen e teñan máis rigor na información que ofrecen e no que din porque iso sábeno de sobre e ao mellor están mentindo intencionadamente. Creo que este debería ser un pleno máis positivo que estamos aprobando unhas medidas importantísimas e nos estamos perdendo nas formas en vez de ter un consenso e outra aptitude.

**Sr. Núñez Troncoso:** Aprobación definitiva ou me expliquei mal ou entenderon vostedes mal, se non hai ningunha reclamación presentada a aprobación pasa automática a definitiva a expensas de publicación no BOP, se non hai reclamación presentada o acordo pasa a definitivo a expensas na publicación no BOP. O día 14 xa acabara o período para presentar reclamacións polo tanto aí xa é aprobación definitiva, salvo que haxa reclamacións, ningún veciño coñecía o día 14, incluído este grupo, que había presentadas reclamacións polo tanto nós non estamos mentindo, o acordo é definitivo, volvo a repetir, salvo a publicación no BOP si non hai ningunha reclamación presentada, lea vostede os informes da Sra. Secretaria municipal, da Sra. Interventora municipal, conxunto da Sra. Interventora e Tesoureira municipal.

O informe do ORAL di que se equivocou, equivocáronse en todo, coeficiente "G" coeficiente corrector do valor do solo, isto non é de Salceda, coeficiente "H" coeficiente corrector do valor de construcións, isto non é de Salceda, non me diga que é un matiz só, aquí están informando en función deses coeficientes dunha ponencia que non é de Salceda, e lle volvo a dicir, aquí para nada pon que se envíe un informe, pon unha relación de parcelas que se lle poidan aplicar a bonificación. Insistimos en que se vote por separado as dúas reclamacións tanto ao tipo como a aplicación da bonificación do 90%, se non é así nós queremos deixar claro que nós estamos en contra da reclamación con respecto a non aplicación do tipo para o 2022, nós queremos que se aplique o tipo, o 0,40 para o 2022 e estamos a favor da reclamación onde se aplique a bonificación do 90% de oficio, polo tanto a Alcaldesa non quere deixar votar por separado loxicamente ponderamos iso e nós vamos a votar a favor porque queremos que se aplique ao final o beneficio para os veciños.

**Sra. Alcaldesa:** Non é que a Alcaldesa non queira someter a votación por separado e que tal e como indica a Lei e a normativa hai unha sola proposta e hai que votala conxuntamente, non é que a esta Alcaldesa lle ocorra neste pleno cambiar ningún tipo de normativa e decidir que non se vota por separado. Creo que o compañeiro do Partido Popular nesta última intervención, xa dixo que non é definitivo salvo a publicación no BOP, xa dixo que non era definitivo salvo o acordo de aquí, creo que é importante que todos teñamos claro que para a aprobación do IBI de forma definitiva é necesario o acordo plenario desta Corporación e a publicación no Boletín Oficial da Provincial, a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia a Ordenanza entraría en vigor, que en este caso sería o 1 de xaneiro como indica a



Ordenanza. Volver a insistir en que a redacción desa Ordenanza foi feita despois desa reunión co ORAL onde se nos indicaba como tiñamos que redactar para que eles puidesen aplicar esas bonificacións e puidera aplicar o que se foi aprobando neste pleno de maneira inicial e que hoxe traemos a aprobación definitiva. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Visto que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 03.06.2021, acordou aprobar inicialmente a modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles publicando anuncio no BOPPO núm. 128 de 8 de xullo.*

*Visto así mesmo que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria de 30 de setembro de 2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello de Salceda de Caselas, engadindo un apartado 3 ao artigo 3 e un apartado 2 ao artigo 4 da Ordenanza, publicando anuncio no BOPPO núm. 207 de 27 de outubro.*

*Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para a súa posterior publicación e entrada en vigor.*

*Vistos que foron presentadas en tempo e forma as seguintes alegacións:*

*1.- Alegacións á modificación aprobada inicialmente en sesión de 03.06.2021:*

*RE: 2021-E-RE-1372 INTERESADO: XOSE MANUEL SUAREZ ESTEVEZ*

*RE: 2021-E-RE-1378 INTERESADO: SALUSTIANO GUERRA GARCIA*

*2.- Alegacións á modificación aprobada inicialmente en sesión de 30.09.2021:*

*RE: 2021-E-RE-2325 INTERESADO: XOSE MANUEL SUAREZ ESTEVEZ*

*RE: 2021-E-RE-2286 INTERESADO: SALUSTIANO GUERRA GARCIA*

*Visto así mesmo que desde o equipo de goberno se presentou unha proposta de modificación do texto inicial aprobado por acordo plenario de data 30.09.2021 mediante providencia de data 15.12.2021.*

*Advertido erro no texto modificado establecido na sinalada providencia, de forma que onde di:*

*“1. Bonificación, ao abeiro do artigo 74.1 do TRLHL, do 90% sobre a cota íntegra nas parcelas situadas nos núcleos rurais singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por dispoñer dun nivel de servizos*





inferior ao existente nas reas consolidadas do municipio que, polas suas caractersticas econmicas, son aquelas s que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- a) Parcelas s que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta  mnima, e que conten con menos de 450 m2.
- b) Parcelas s que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

A bonificacin consistir nun 90 % que se aplicar sobre a cota ntegra do Imposto.

A aplicacin desta bonificacin levarase a cabo polo organismo encargado da recadacin, a peticin do titular do inmovible, previo informe do Concello, e ser solicitada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto. Excepcionalmente no primeiro ano de aplicacin o prazo de solicitude ampliase ata o 1 de marzo.

2. Exencin, ao abeiro do artigo 62.4 do TRLHL, nos inmovibles urbanos nos que resulte unha cota lquida inferior a 7 euros, as como ao conxunto de inmovibles rsticos dun mesmo suxeito pasivo nos que a sua cota agrupada sexa inferior a 7 euros.”

Debera dicir, ao abeiro do acordo plenario de data 30.09.2021:

“ 1. Bonificacin, ao abeiro do artigo 74.1 do TRLHL, do 90% sobre a cota ntegra nas parcelas situadas nos nucleos ruris singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por disponer dun nivel de servizos inferior ao existente nas reas consolidadas do municipio que, polas suas caractersticas econmicas, son aquelas s que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- a) Parcelas **sen construccin** s que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta  mnima, e que conten con menos de 450 m2.
- b) Parcelas **sen constuccin** s que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal.

A bonificacin consistir nun 90 % que se aplicar sobre a cota ntegra do Imposto.

A aplicacin desta bonificacin levarase a cabo polo organismo encargado da recadacin, a peticin do titular do inmovible, previo informe do Concello, e ser solicitada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto. Excepcionalmente no primeiro ano de aplicacin o prazo de solicitude ampliase ata o



1 de marzo.

2. Exención, ao abeiro do artigo 62.4 do TRLHL, nos inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros.”

Visto o informe conxunto de Intervención, Tesourería e Secretaría de 22.09.2021 que analizan o contido das alegacións de contido xurídico-económico.

Visto o informe conxunto de Tesourería e Intervención de 15.12.2021 que analizan o contido das alegacións presentadas e da proposta de modificación realizada polo goberno municipal.

Visto que, ao abeiro do disposto no informe conxunto de 22.09.2021 se elaborou o texto refundido da Ordenanza no que se recollen todas as modificacións aprobadas con anterioridade nun texto único, para a súa aprobación plenaria.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de data 20.12.2021.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Respecto das alegacións realizadas á modificación aprobada inicialmente en sesión de 03.06.2021:

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á necesidade de tramitar consulta pública para a aprobación da modificación da ordenanza, polos motivos expostos no informe conxunto de Intervención, Tesourería e Secretaría de 22.09.2021.

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á necesidade de incorporar ao expediente un “estudio económico”, polos motivos expostos no informe conxunto de Intervención, Tesourería e Secretaría de 22.09.2021.

- Desestimar as restantes alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez por considerar que se trata dunha facultade do goberno municipal realizar a proposta da modificación da ordenanza, e unha competencia Plenaria a aprobación da mesma. Neste caso foi aprobada inicialmente por unanimidade da corporación por tratarse de unha medida que causa un beneficio xeral á veciñanza.



**SEGUNDO:** Respecto das alegacións realizadas á modificación aprobada inicialmente en sesión de 30.09.2021:

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á modificación do punto 2 do artigo 3.3 da Ordenanza Fiscal nº 21, polos motivos expostos no informe conxunto de Tesourería e Intervención de 15.12.2021.

**TERCEIRO.** Modificar o texto inicial aprobado por acordo plenario de data 30.09.2021 para quedar establecido da seguinte maneira:

“ 1. Bonificación, ao abeiro do artigo 74.1 do TRLHL, do 90% sobre a cota íntegra nas parcelas situadas nos núcleos rurais singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por dispoñer dun nivel de servizos inferior ao existente nas áreas consolidadas do municipio que, polas súas características económicas, son aquelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- a) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m<sup>2</sup>.
- b) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal

A bonificación consistirá nun 90 % que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, previo informe do Concello, e será solicitada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto. Excepcionalmente no primeiro ano de aplicación o prazo de solicitude ampliase ata o 1 de marzo.

2. Exención, ao abeiro do artigo 62.4 do TRLHL, nos inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros.”

**CUARTO:** Aprobar con carácter definitivo as modificacións da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles así coma o Texto Refundido da mesma que se adxunta á presente proposta como anexo.

**QUINTO.** Publicar o devandito acordo definitivo e o texto íntegro do Texto Refundido da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles no Boletín



*Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [ <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].*

**SEXTO.** *Notificar este Acordo a todas aquelas persoas que presentasen alegacións durante o período de información pública.”*

**VOTACIÓN:** **Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Respecto das alegacións realizadas á modificación aprobada inicialmente en sesión de 03.06.2021:

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á necesidade de tramitar consulta pública para a aprobación da modificación da ordenanza, polos motivos expostos no informe conxunto de Intervención, Tesourería e Secretaría de 22.09.2021.

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á necesidade de incorporar ao expediente un “estudio económico”, polos motivos expostos no informe conxunto de Intervención, Tesourería e Secretaría de 22.09.2021.

- Desestimar as restantes alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez por considerar que se trata dunha facultade do goberno municipal realizar a proposta da modificación da ordenanza, e unha competencia Plenaria a aprobación da mesma. Neste caso foi aprobada inicialmente por unanimidade da corporación por tratarse de unha medida que causa un beneficio xeral á veciñanza.

**SEGUNDO:** Respecto das alegacións realizadas á modificación aprobada inicialmente en sesión de 30.09.2021:

- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez e Salustiano Guerra Martínez en relación á modificación do punto 2 do artigo 3.3 da Ordenanza Fiscal nº 21, polos motivos expostos no informe conxunto de Tesourería e Intervención de 15.12.2021.

**TERCEIRO.** Modificar o texto inicial aprobado por acordo plenario de data 30.09.2021 para quedar establecido da seguinte maneira:



“ 1. Bonificación, ao abeiro do artigo 74.1 do TRLHL, do 90% sobre a cota íntegra nas parcelas situadas nos núcleos rurais singularizados delimitados nas NNSS de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas, por dispoñer dun nivel de servizos inferior ao existente nas áreas consolidadas do municipio que, polas súas características económicas, son aquelas ás que Catastro lles aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

- a) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “G” por ter superficie distinta á mínima, e que contén con menos de 450 m2.
- b) Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector “H” por inedificabilidade temporal

A bonificación consistirá nun 90 % que se aplicará sobre a cota íntegra do Imposto.

A aplicación desta bonificación levarase a cabo polo organismo encargado da recadación, a petición do titular do inmovible, previo informe do Concello, e será solicitada anualmente antes do 1 de Xaneiro do exercicio no que deba surtir efecto. Excepcionalmente no primeiro ano de aplicación o prazo de solicitude ampliase ata o 1 de marzo.

2. Exención, ao abeiro do artigo 62.4 do TRLHL, nos inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 euros, así como ao conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros.”

**CUARTO:** Aprobar con carácter definitivo as modificacións da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles así coma o Texto Refundido da mesma que se adxunta á presente proposta como anexo.

**QUINTO.** Publicar o devandito acordo definitivo e o texto íntegro do Texto Refundido da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data que sinala dita Ordenanza.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

**SEXTO.** Notificar este Acordo a todas aquelas persoas que presentasen alegacións durante o período de información pública.



## Expediente 2642/2018. Aprobación inicial do Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. González Coto:** Unha mágoa que marchara o público. Facendo unha pequena cronoloxía, o Concello de Salceda de Caselas solicitou en setembro de 2018 a adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundaria. Esa formalización da adhesión foi en xullo de 2019 e sen embargo recibimos o Plan en setembro do 2021, sendo un dos últimos concellos de Galicia en recibilo, a pesar das chamadas dende a Concellería de Medio Ambiente á Consellería. Despois dos informes pertinentes que tivemos que facer no Concello e pedido informe perceptivo ao Director Xeral de Defensa do Monte, hoxe é o primeiro pleno ordinario que temos desde a recepción e queremos levalo á aprobación inicial. Estará un tempo a exposición pública para poder contemplar as modificacións ou alegacións necesarias para cumprir co establecido na lei e despois rematará coa aprobación final.

O Plan de prevención conta con seis partes ou apartados que son: a introdución no que fala de antecedentes, xustificación e obxectivos; un segundo de ámbito territorial onde se nos explica a situación, límites e superficies, parroquias e núcleos de poboación, caracterización do medio rural, espazos naturais protexidos; un terceiro punto de análise e risco, onde fala de históricos de incendios; o cuarto punto é a xestión da biomasa onde nos fai a diferenciación das redes secundarias de faixas e onde nos dí as pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal e relación de parcelas afectadas; despois os puntos quinto e sexto son os anexos coas parcelas afectadas, a situación e a rede de defensa. O obxectivo principal deste Plan é a definición desas redes secundarias de xestión de biomasa que están formadas por un conxunto de parcelas lineais dentro do territorio enmarcadas estratexicamente co que queremos garantir e eliminar total ou parcialmente esa biomasa vexetal e o fin é o de reducir os riscos de incendios e a seguridade dos nosos veciños de Salceda de Caselas.

**Sr. González Souto:** É unha pena que se marchara o publico para poder seguir de cerca os puntos que se traen pero non é de menos sabido por todos que o que realmente marcou este ano no Concello foi o IBI porque representou un coste moi importante para os petos dos veciños e realmente falouse aquí de bonificacións e realmente o noso Grupo non considera que esteamos facéndolle ningún favor aos veciños coas bonificacións, senón quizá estas bonificacións que temos que aplicar é consecuencia do desorganizado que está o Concello por non ter un Plan Xeral.

En canto a este punto, estamos neste punto para aprobación do Plan Municipal para a prevención de incendios forestais, temos claro todos os que estamos aquí que o Concello debe estar preparado para posibles ameazas ou catástrofes, ter protocolos.



Sen lugar a dúbida os incendios forestais é a ameaza máis real a que nos podemos enfrontar, que pon en risco o medio ambiente, os nosos montes, vivendas e incluso as nosas vidas. Convén recordar o que vivimos todos o que pasou en outubro do 2017, creo que todos tivemos unha sensación de impotencia e nun momento de descontrol cando se deu a circunstancia nese incendio, de temperaturas superiores a 30 grados, dunha humidade relativa máis baixa do 30 e rachas de vento superior a 30 kilómetros, circunstancias que nos obrigan a ter un documento que poida protexer o máis valioso, as vidas humanas. Polo tanto, o noso grupo cree que é necesario traballar no eido da prevención e que a colaboración como se plantexa neste documento entre as distintas administracións para conseguir este fin, é fundamental a determinación das faixas secundarias e o seu mantemento, eliminación da biomasa, métodos silvícolas para aumentar o perímetro de seguridade é unha medida que neste caso permitirá, en casa de incendios, manter esa franxa de seguridade arredor das vivendas e infraestruturas minimizando neste caso os riscos en danos materiais e perdas de vidas humanas. Por todo isto, estamos de acordo co documento que aquí se trae a aprobación inicial, creo que como dixen ao principio os incendios forestais son a ameaza máis real e probable que se nos pode presentar no Concello de Salceda, polo que contar con este Plan é unha ferramenta importante na prevención e na loita contra os incendios.

**Sra. Castiñeira Alén:** Un punto que traemos nesta parte resolutive do pleno, a aprobación inicial do Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais, xa o 17 de agosto de 2018 saía publicado no Diario Oficial de Galicia este convenio de colaboración, un convenio de colaboración que tiña que formalizase a través da colaboración entre Xunta, a través da FEGAMP e a través da SEAGA, convenio en materia de prevención e defensa contra incendios, non o dubidamos poucos días despois o 10 de setembro de 2018, naquel entón a Concelleira Carla e o Alcalde, asinaron a solicitude para adherirse a esta adhesión do convenio. Como ben dicía Tivo, a experiencia vivida fixo que todos nós puxeramos as pilas e estes pasos eran necesarios, a colaboración entre administracións era sumamente necesaria, esa resolución chegou case un ano despois, o 8 de maio de 2019 dende a Consellería de Medio Rural nos permitía adherirnos a ese convenio. Esa adhesión contiña unha serie obrigas por parte do Concello e esta é unha delas, traer a aprobación inicial o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, vamos a estar todos de acordo, creo que deberíamos estar de acordo en políticas públicas de prevención sobre todo de axilidade burocrática que sabemos que non é así, que é moi complexa, todos os organismos, nos consta, pero que a Xunta que é a que ten maior responsabilidade creo que débeselle esixir que a axilidade burocrática sexa maior e iso é o que solicita a veciñanza. Nós ao final representamos a veciñanza e temos que colaborar nesas políticas públicas de prevención. Un pasiño máis que damos hoxe aquí despois da adhesión a ese convenio.

**Sra. Alcaldesa:** Quizais o temas máis importante para a veciñanza, o tema máis importante fose o IBI, pero hai moitos temas importantes. Temos unha pandemia e



temos temas que quitar a adiante e como dicía o compañeiro Tivo, unha mágoa que o público non se quedara porque este tema tamén é moi importante, tal e como o dixeron o compañeiro do Partido Popular como Movemento Salceda e Partido Socialista a prevención é un tema fundamental, todos temos experiencia vivida que efectivamente, concordo co compañeiro do Partido Popular, que a todos nos pillou de certo modo sen saber moito que facer. É verdade que cando chegan se dan circunstancias así, é importante ter a prevención co cal creo que este Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios é un dos puntos importantes do pleno de hoxe, lamentamos non poder traelo antes. Como dicía a portavoz de Movemento Salceda antes, a compañeira Loli Castiñeira, a burocracia a veces nos fai que as cousas se ralenticen, aínda así creo que está é unha moi boa nova e sairá por unanimidade esta aprobación inicial, haberá un período de exposición e alegación e espero que a aprobación definitiva tamén se dea por unanimidade e se poda aplicar este plan. Paso a ler a proposta de acordo seguinte:

*“Aprobado por Decreto 2018-0856 en data 5 de setembro de 2018 a adhesión ó Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.*

*Tendo en conta que a través deste Convenio de Colaboración se pretende cumprir co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece no seu artigo 7 que corresponde ós Concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade, ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa, así como xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, contando para elo coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da devandita lei.*

*Visto o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Salceda de Caselas elaborado polo SEAGA como parte do convenio coa Consellería do Medio Rural, e considerando que ten carácter obrigatorio para os Concellos a súa elaboración, execución e actualización, de conformidade cos artigos 7.a) e 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*Visto o informe técnico de data 8 de Novembro de 2021, o informe do Director Xeral de Defensa do Monte de data 18 de novembro de 2021 e o informe de Secretaría núm. 2021- 0038 de data 8 de decembro de 2021.*

*Elévase ó Pleno da Corporación a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar Inicialmente o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Salceda de Caselas.

**Segundo.-** Someter o Plan a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo non inferior a vinte días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

**Terceiro.-** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, o Plan considerárase aprobado definitivamente.”

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar Inicialmente o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Salceda de Caselas.

**Segundo.-** Someter o Plan a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo non inferior a vinte días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

**Terceiro.-** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, o Plan considerárase aprobado definitivamente.

**Constitución dos Consellos Sectoriais ao abeiro do artigo 21 do Regulamento de Participación Veciñal.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** No pleno de mes de agosto de 2020 tróuxose a aprobación do Regulamento de Participación Veciñal, que foi publicado no Boletín Oficial da



Provincia o 7 de setembro de 2020 e a partir de entón tiñamos toda a intención este Goberno municipal de poñer en marcha tanto o Consello Veciñal como os Consellos Sectoriais no seu caso. É verdade que a pandemia e todo o que levamos vivido nestes case dous anos nos levou a que todo acontecese con certo retraso, o que nos levou que non se fixese a primeira reunión informativa sobre este Regulamento de Participación Veciñal ata o 23 de setembro de este ano e a sesión constitutiva do Consello Veciñal que se celebrou o pasado xoves 6 de decembro. Unha vez constituído e tal como xa reflexaba no Regulamento de Participación Veciñal aprobado, podíase crear e era competencia do pleno os Consellos sectoriais. Consideramos este equipo de goberno e eu como concelleira de Participación Veciñal e aproveitando que había esa reunión de constitución do Consello, que o fixéramos xa e a demais informamos de que íamos a tráelo a Pleno tamén para que as 44 asociacións coas que se constituíu o Consello de Participación Veciñal puidesen opinar nesa constitución dos Consellos sectoriais. Despois desa reunión constitutiva acordamos que se crearían cinco consellos sectoriais, sobre todo co obxectivo de crear mellor participación e operatividade no que se trata, que é a participación veciñal. Corenta e catro asociacións, grazas a elas temos moito dinamismo pero tamén é verdade que é moi difícil que un Consello con 44 asociacións puidese tomar decisión e para iso o dividimos en Consellos sectoriais. Creemos que é moito máis operativo, eu como concelleira de participación veciñal teño que agradecer sobre todo o interese que todas as asociación mostraron e o que traemos hoxe a pleno é a constitución de cinco Consellos sectoriais que serían: o Consello de educación, mocidade, infancia e saúde; o Consello da cultura; o Consello de medio ambiente e medio rural; o Consello de deporte e o Consello de colectivos veciñais, muller e persoas maiores. Espero que esteamos todos de acordo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Unha vez máis o noso grupo, en aras de manter a coherencia que leva demostrado nos últimos anos con respecto de moitas cuestións, decisións, acordos e propostas, eu en nome do mesmo manifesto seguimos respaldando todo o que dixemos na aprobación inicial dese Regulamento alá polo mes de febreiro do ano 2020. Concretamente no pleno 27 dese mes e tamén no que manifestei en nome deste grupo no pleno do 27 de agosto de aprobación definitiva e incluso o que manifestei hai uns días na Comisión previa a este Pleno municipal, polo tanto me remito e quero deixar constancia neste pleno que aquel veciño, colectivo que queira saber que opinamos ao respecto deste Regulamento, nesas actas públicas está recollido o manifestado por min como portavoz e tamén a postura deste Grupo e tamén o programa electoral co que nos presentamos as eleccións en maio do ano 2019 onde, entre outras cousas, aparecía a creación e a constitución do Consello Municipal de Cultura entre outros. Polo tanto, sendo coherente, o noso Grupo se vai a abster no día de hoxe en aras de respectar o que decidimos naquel momento e que sexan os colectivos os que participen libremente nesas consellos, que dende logo desexamos que sexan produtivos, que como ben se dixo por parte da portavoz de Movemento Salceda que non se burocratice e polo tanto que non sexa algo que quede en algún slogan e que verdadeiramente sexan produtivos. Ese é o noso desexo





e o tempo así o manifestará, polo tanto remítome a intervención dos plenos do 27 de febreiro do ano 2020, do 27 de agosto de 2020 e da Comisión previa a este respecto do Regulamento.

**Sra. Castiñeira Alén:** Sumarme ao que dixo a Alcaldesa, é dicir, que xa nesta primeira xuntanza a veciñanza e os colectivos tiveron a oportunidade de sumarse, porque se introduciu nos consellos novas áreas como saúde, muller e persoas maiores, o que se trae hoxe aquí é un pasiño máis que estaba ademais recollido no Regulamento de Participación Veciñal a creación destes Consellos sectoriais.

**Sra. Alcaldesa:** A primeira sesión constitutiva houbo participación co cal estou contenta como Concelleira e como equipo de goberno de que se constituíse, de chegar a acordos e de debater, de que esta participación veciñal comezase a ser efectiva. Aquí comeza un camiño máis e esperamos que pouco a pouco se vaia poñendo en marcha todo e sobre todo quedo reiterar o agradecemento as 44 asociación é colectivos que quixeron participar neste Consello veciñal e que agora participaran tamén nos Consellos sectoriais. Deu lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto que o concello de Salceda de Caselas aprobou o Regulamento de Participación Veciñal no Pleno de data 27 de agosto de 2020, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 7 de setembro de 2020.*

*Visto que en dito regulamento no Título 3 establece a creación do Consello Veciñal, como o órgano específico para canalizar a participación veciñal, ademais de establecer a posibilidade de creación dos consellos sectoriais ou territoriais.*

*Visto que en data 16.12.2021 celebrouse a sesión constitutiva do Consello Veciñal e acordouse, a proposta das diferentes concellerías de área, a creación dos seguintes consellos sectoriais:*

1. Consello de Educación, Mocidade, Infancia e Saúde.
2. Consello da Cultura.
3. Consello de Medio Ambiente e Medio Rural.
4. Consello do Deporte.
5. Consello de Colectivos Veciñais, Muller e Persoas Maiores.

*Visto que no artigo 21 do citado Regulamento establécese que o “Ademais do Consello Veciñal, poderanse constituír outros consellos sectoriais ou territoriais que se consideren oportunos por acordo plenario e a proposta da concellería delegada de área, como Consellos Municipais Sectoriais de Cultura, Sanidade e Saúde, Deportes, Educación, Medio Ambiente, Medio Rural, Infancia, Muller e Persoas Maiores e todos aqueles que o Concello considere necesarios”.*



*De conformidade co exposto, proponho ao Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*A constitución, ao abeiro do disposto no artigo 21 do Regulamento de Participación Veciñal, dos seguintes consellos sectoriais:*

1. *Consello de Educación, Mocidade, Infancia e Saúde.*
2. *Consello da Cultura.*
3. *Consello de Medio Ambiente e Medio Rural.*
4. *Consello do Deporte.*
5. *Consello de Colectivos Veciñais, Muller e Persoas Maiores.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta APROBADA por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CATRO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:**

*A constitución, ao abeiro do disposto no artigo 21 do Regulamento de Participación Veciñal, dos seguintes consellos sectoriais:*

1. *Consello de Educación, Mocidade, Infancia e Saúde.*
2. *Consello da Cultura.*
3. *Consello de Medio Ambiente e Medio Rural.*
4. *Consello do Deporte.*
5. *Consello de Colectivos Veciñais, Muller e Persoas Maiores.*

**Moción do grupo do PP: Aportación ao servizo de axuda no fogar.**

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Este punto número cinco do derradeiro pleno do ano é en defensa do Servizo de Axuda no Fogar, como vimos facendo nos último anos e ademais a medida que vaia lendo vamos facendo unha emenda a nosa moción debido a un erro de transcripción que tivemos, dou lectura a seguinte Moción:

*“O pasado mes de outubro, a Consellería de Política Social e Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) firmaron un acordo que brinda a financiación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para toda a legislatura, con un aumento progresivo do 24% que se conseguirá no 2024 e que supondrá un incremento acumulado da aportación autonómica de 70 millóns de euros.*

*Con este novo escenario, a aportación autonómica ao SAF pasará dos 9,7*



euros/hora actuais a 12 euros/hora en 2024. Así, neste ano e o próximo, a administración autonómica asumirá 11 euros/hora; no 2023, incrementarase ata os 11,5 euros/hora; e en 2024 xa se conseguirán os 12 euros/hora.

Os acordos entre administracións son fundamentais para avanzar e mellorar o día a día dos cidadáns e, neste caso no só é importante chegar a acordos, senón que todas as administracións involucradas no SAF, un servizo de vital importancia para o noso Concello e os nosos maiores, defendan que os usuarios poidan asumir o menor custe posible.

E por isto que, tal como a Xunta de Galicia aumentará un 24% a financiación ao SAF con efecto 1 de xaneiro 2022, pasando de 9,70€ a 11€, que o Concello aumente na mesma porcentaxe a súa aportación, **(que se deixe de renunciar a horas deste servizo en vez de aumentar a aportación)** que asume, neste caso o Concello, tan só o 16,14% da mesma, fronte ao 71,50% da Xunta de Galicia, conseguindo así aumentar o servizo para os usuarios.

Ademáis, solicitamos que non se deixen de perder, por parte do Concello, horas concedidas da Xunta de Galicia xa que sempre neste pleno se protesta porque a Xunta de Galicia no aporta o suficiente cando realmente aportaba e segue aportando o 71,50% e agora aumenta este presuposto en 24% agora que non sexa a escusa de de que se pedan porque a Xunta de Galicia non invirte o suficiente senón que vostedes non o fan.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*Que o goberno municipal aumente a porcentaxe ao mesmo nivel que o fai a Xunta de Galicia para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) conseguindo así, diminuír a aportación dos salcedenses usuarios deste servizo esencial."*

*A emenda sería: " Que o goberno municipal se poña ao mesmo nivel que o fai a Xunta de Galicia en canto a importancia de funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) conseguindo así aumentar as horas e non renunciar a horas é dicir , que se aumente as horas beneficiando así aos cidadáns aos usuarios e así tamén ao servizo de Axuda no Fogar."*

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Esta era a emenda, que en vez de aumentar a aportación dos usuarios sexa deixar de perder horas por parte do Concello. Eu diría que coa exposición de motivos quedou bastante claro o noso pensamento, non é a primeira



vez que vimos defendendo o servizo de axuda no fogar neste pleno, concretamente diría que neste ano 2021 é o terceiro pleno que nos dedicamos a falar do servizo de axuda no fogar e a importancia que este ten no noso Concello, é un servizo fundamental para os nosos maiores. Neste 2020-2021 demostrouse coa pandemia a importancia que este ten, non só para os nosos maiores senón para as persoas que o levan a cabo e como ben dixemos, é importante que se asuma este servizo e que por parte do Concello se asuma. Tamén que levamos escoitando durante moitos plenos que a culpa de que se renuncie a horas é da aportación da Xunta. A Xunta neste 2021 fixo unha achega extraordinaria e como ben dixemos, asumindo e aumentando progresivamente o presuposto para este servizo. O que non queremos e o que vimos criticando nestes plenos do 2021 e anteriormente e que aquí só se critica á Xunta cando realmente tedes que vervos vós que sodes o Concello, sodes os que gobernades e os que asumides este servizo de axuda no fogar, porqué renunciades a estas horas? Agora que tamén aumenta o presuposto a Xunta e faino cun acordo coa FEGAMP, que é a Federación Galega de Municipios e Provincias, tamén ides a protestar por este presuposto? Tamén ides a seguir renunciando a horas? Porque isto é o que vides facendo durante todo este ano, como ben dixemos a Xunta aporta un 71,50% a este servizo o Concello canto aporta? Un 16,4% do presuposto e o demais o fan os usuarios. Outra pregunta, porqué si a Xunta paga e os usuarios pagan o Concello non o fai? Porque xa sabemos o que pasou co pago á empresa que executa este servizo. Porque o Concello non o fai e porqué o Concello segue renunciando a horas do servizo? Todos sabemos o fundamental que é para o noso Concello, para os nosos veciños e tamén para as traballadoras do mesmo, por iso defendemos unha vez máis este servizo e a importancia do mesmo no noso Concello.

**Sra. Ledo Souto:** Sí es cierto que llegó a un acuerdo la Xunta, después de un montón de años sin incrementar absolutamente nada el importe que paga por el SAF, quiero dejar claro, que es una competencia autonómica, no es del concello, con lo cual el concello no debería asumir ningún coste porque la competencia es autonómica, la tiene traspasada del gobierno central y tiene que destinar un presupuesto para que asuma la totalidad del servicio. Los concellos asumimos la gestión con la empresa, con los usuarios y con la Xunta, se asume la gestión que creo que ya es suficiente porque está muy bien, nosotros como gobierno defendimos siempre el servicio de ayuda a domicilio y vamos a seguir defendiéndolo porque es defender a los vecinos, pero vuelvo a lo mismo, llevábamos un montón de años sin subir y el Concello cuando renuncia a horas es porque entendemos que la Xunta tiene a asumir el coste total. Nosotros tenemos que disponer de una cantidad del presupuesto anual del Concello, pagamos nuestra parte solo, pero en el presupuesto municipal tenemos que disponer de todo, con la consecuencia que tiene para el resto de las áreas y para el Concello en sí el tener ese dinero destinado solo a eso. Yo creo que está claro y vuelvo a repetir, que hay que tener claro y tenéis que tener claro que es una competencia autonómica y el dinero que se destina al SAF no se puede destinar a otra cosa. El Gobierno autonómico tendría que asumir lo que se paga por ese servicio y no pedirnos a los concellos que paguemos lo de los usuarios, ya pagamos una parte



de este servicio, ya gestionamos toda la parte de personal de ese servicio, con familias y con empresa y ahora se nos pide esto. Eso habría que pedírselo a la Xunta de Galicia porque es su competencia y en un presupuesto como el nuestro que es limitado, si se suben o no se suben las horas, claro que si tenemos que estudiarlo y tendremos que verlo pero vuelvo a repetir, siempre estamos asumiendo las competencias que le corresponden a la Xunta y al final por el beneficio de nuestros vecinos pues tenemos que acabar cargando nosotros con eso. Vamos a estudiar, no digo que no se vayan a subir las horas pero, repito y dejo claro, que es competencia de la Xunta de Galicia asumir el total del servicio que así lo recoge la ley nacional que tenemos de dependencia.

**Sra. Castiñeira Alén:** Ía dicir que trouxeron vostedes a este pleno unha moción vergoñenta pero creo que se deron conta vostedes, se tiveron que dar porque realmente era vergoñenta. Licitamos este servizo no noso Concello no pleno de novembro do 2020, adxudicamos o contrato do servizo de axuda no fogar en xuño deste ano e agora pretendían traer a este pleno, decembro de 2021, unha moción onde lle pedían ao Concello que cambiase o importe da aportación, pretendían iso, menos mal que corrixiron. Gustaríame que as mocións puideran vir, na medida do posible, con linguaxe inclusiva porque está na súa totalidade en linguaxe masculino, e era unha das medidas do plan de igualdade que todos fagamos un pequeniño esforzo, repito que eu son a primeira en equivocarme. Esta moción que traen hoxe aquí debe ser froito dunha ocorrencia ou dunha directriz do partido. O Concello de Salceda, ou sexa todos os que estamos aquí e toda a veciñanza, destina o 15% do orzamento municipal. O servizo licitouse por 2.895.824 €, o Concello pasou de pagar 14,30€ a hora no ano 2020 a un prezo de licitación de 18,71€, a Xunta pasou de pagar 9,70€, non pasou porque nunca aumentaron. Eu preguntóche a ti Ana Cristina, a Xunta non aumenta prezo dende cando, dende 2006, 2007 hai dez, quince anos díganos? O Concello incrementou ano tras ano o prezo da hora, acabo de dicir o que aumentou a Xunta en todos estes anos dez-quince anos, nin un só céntimo e agora resulta que había que ir con eles no incremento do prezo, menos mal que recuaron e hai que ir con eles na aceptación de horas porque a Xunta, despois de quince anos decide, ten a ben, incrementar un prezo da hora que tiña que haber sido progresivo hai máis de dez anos. Falan vostedes que perdemos horas do servizo desta horas que nos concede a máis a Xunta do Partido Popular, pode coller as actas, díxenllo en novembro do 2020, repetínllo a vostede, que sempre defende o servizo de atención no fogar, en xuño de 2021 que estas horas son regalos envelenados, e si colle as actas poder leer textualmente *“a Xunta é quen establece as horas que lle corresponde a Salceda e Salceda ten a obriga de cubrilas, a Xunta entrega novas horas ao Concello cando considera, sen previo aviso, e sen ter en conta que o Concello ten que aportar un diñeiro que ten que ter previsto”*. O que dicía antes a compañeira Gela, dotalo orzamentariamente, *“este regalo sempre chega a final de ano”*. Como a súa moción, o Concello vese na tesitura de ter que aceptar unha horas que non están previstas nese orzamento como fixemos nos últimos anos en Salceda, que iso que nunca aceptamos as horas non é así, vostede leva pouco tempo e igual ten pouca memoria





pero xa lle digo eu que non foi así sempre. “*Salceda renuncia a elas o cal a Xunta entende que non as precisa e deixa de contar con nós, deixa de contar co Concello de Salceda entende a Xunta que está servido*”. Por certo, cando quedaron fora de orzamento e foron a REC vostedes votaron en contra de pagarlle a empresa que fai ese servizo, tampouco o lembran? En resume, a Xunta invita ao café pero quen paga é o Concello de Salceda de Caselas, e agora veñen vostedes entón a que nos sumemos ao carro. Benvido o seu recuamento porque entra dentro de toda a lóxica pedirlle ao Concello que faga algo que a Xunta non fixo durante tantos anos, vostedes están aquí para defender os intereses da veciñanza e o coidado das nosas persoas maiores e das súas familias, non para defender propostas do seu partido, aquí veñen a defender os intereses dos veciños e das veciñas.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** A min o que me parece vergoñento son os ataques que nos está a facer parte de vostede, Dolores Castiñeira, con palabras que nós non dixemos, porque en que momento dixemos que queremos que se aporte o esforzo por parte da veciñanza? Non, o que queremos é que se aumente o esforzo por parte do concello, que deixen de perder horas é o único que dicimos. Caramelos envelenados, se a Xunta vos paga é un caramelo envelenado? Un caramelo envelenado non é iso, un caramelo envelando é que non vos pagase e que nós vos reclamásemos, a Xunta volo paga, canto aporta o Concello e canto a porta a Xunta de Galicia? A Xunta de Galicia 71,50% a este servizo de axuda ao fogar, o Concello 16,14%, creo que iso queda bastante claro. En canto ao linguaxe inclusivo probablemente si en algún momentos o esquecemos e non o poñemos de manifesto, pero o máis vergonzoso é que se adxudicase un servizo sen aplicar o plan de igualdade. Cando estaba falando Dolores Castiñeira de que se aprobou este ano a adxudicación do servizo, fíxose pensando no Plan de igualdade? Non, e xa o criticamos nós nese pleno correspondente, tamén criticamos que non haxa igualdade para practicar este servizo, sabedes porqué? Porque renunciando a horas conleva que non haxa igualdade entre os usuarios, porque moitos usuarios perden a oportunidade de ter este servizo, igualdade e inclusividade para absolutamente todo, porque os veciños de Salceda son os que o merecen, non só na linguaxe senón no servizo e nas horas que se aplican ao mesmo. Por suposto que sabemos a porcentaxe que ten que aplicar os usuarios, así está recollido no Decreto 99/2012 do DOG, non da Xunta de Galicia. Creo que está bastante claro o que nos estamos pedindo e non é un esforzo por parte do Concello, senón que o Concello asuma a súa competencia en canto ao previsto.

**Sra. Castiñeira Alén:** A Xunta o que tiña que aportar é o cen por cen e non limitar os orzamentos deste Concello, que son para dar servizos a nosa veciñanza. Xa nos tes acostumados, Ana Cristina, a túa demagogia, ademais hoxe levas unhas cantas palabrotas algo inusual en ti. A Xunta tiña que aportar o cen por cen e non limitar o orzamento para prestar servizos á veciñanza de Salceda. Nos tes acostumados a traer mocións a este Pleno, certamente é lícito, que defenden os intereses do partido que representas, ao Partido Popular e non a veciñanza. Dende Movemento Salceda témolo moi claro, vamos a defender á veciñanza ante un servizo tan esencial e tan



necesario ao que lle destinamos ademais un 15% do orzamento. Oxalá tiverades vós tanto ímpetu en defender dende hai xa anos o aumento que víñamos solicitando dende Movemento Salceda, o prezo destas horas por parte da Xunta, nunca os vin eu tanto ánimo, chegou este aumento supoño que estades contentos e nos tamén pena que non viñera antes.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** A palabrota, porque o único que puiden dicir fora de tono vergoñento, unha palabra que dixeras ti antes, si é vergoñento que se intente defender un servizo como facedes, perdendo horas que é o que estaba dicindo eu, perdendo horas e si tanto falades do presuposto vós ganades do presuposto cobrando do IBI non porque non ten outro sentido, un imposto municipal que regulades vós. O que defendo é que se deixe de perder horas por parte do Concello de Salceda no servizo de axuda no fogar, se queredes votades a favor defendendo aos veciños como nós sempre defendemos. O noso partido sempre defendeu aos veciños e sempre que tivemos que reclamar algo á Xunta de Galicia, governe quen governe, para que sexa beneficioso para os salcedendes sempre o fixemos. Que pena que non o fixera o Partido Socialista noutros momento cando pedimos se reclamasen os presupostos, cando se pediron moitísimas cosas para Salceda que vós dende logo defendestes ao Partido e non defendestes aos salcedenses. Nós sempre reclamamos á Xunta en moitísimas outras infraestruturas que consideramos que eran beneficiosas para Salceda e para os salcedenses.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que o Partido Socialista non é nada sospeitoso de non reclamarlle ao resto das administracións o que necesita, se son gobernadas polo Partido Socialista ou sexan gobernadas polo Partido Popular, de feito máis de unha vez se fixeron aquí propostas tanto para o Goberno de España como para a Deputación de Pontevedra. Creo que hai que aclarar primeiro, como dixo a Concelleira de Servizos Sociais e como dixo a portavoz de Movemento Salceda, é competencia da Xunta de Galicia e non sabe o Partido Popular porqué é competencia da Xunta de Galicia, porque é dependencia e a dependencia está trasladada dende o Goberno Central á Xunta de Galicia, Comunidade Autónoma. Creo que hoxe os concelleiros e concelleiras do Partido Popular non se dan conta de cousas que son fundamentais e que deberían saber despois do tempo que levan como oposición neste Concello. Lei de dependencia, competencia 100 % autonómica, non pode ser que o Concello estea asumindo día tras días competencias que non lle son propias porque o esforzo que fai o Concello é o esforzo que fai a veciñanza. Outras das cousas que debemos ter claro os concelleiros e concelleiras que formamos esta Corporación, o esforzo que o Concello fai nos orzamentos municipais en competencias que non son nosas e o esforzo que está facendo a veciñanza deixando de recibir outros servizos e outras competencias que si son do goberno local. Non confundamos termos, porque creo que levamos todo o pleno intentando confundir ou non saber, antes coa aprobación definitiva da ordenanza e agora con que non é competencia municipal. Estamos asumindo competencias da Xunta de Galicia dende hai moitísimo tempo, como dicía a compañeira Loli Castiñeira, a Xunta de Galicia non subiu nada e



agora resulta que fai o seu traballo a medias, resulta que nós temos que ser compañeiros e compañeiras de travesía, asumindo un coste maior cando debemos asumir cero, pero non cero porque este Concello ou este equipo de goberno non queira, cero porque non é competencia local é competencia autonómica. Este Concello está asumindo e leva asumindo unha parte do SAF moitísimo tempo, leva asumindo limpezas e desinfección dos centros escolares moitísimo tempo, a Xunta aproba unha normativa sanitaria, moi ben, estamos de acordo e vaise seguir prestando o servizo, pero resulta que o pagamos nós, a Xunta ten un servizo que pon en marcha e resulta que o pagamos nós. Eu creo que o Partido Popular ten conceptos tamén equivocados, e outra cousa máis, a Xunta o que tiña que facer era pagar ese servizo adiantado e non hipotecar os presupostos de Concellos como o noso, que supón ter 900.000€ do orzamento dedicado ao SAF cando a Xunta debería facer ese servizo e encima págalo por anticipado, porque senón o que fai e hipotecar efectivamente os servizos aos veciños.

Creo que este goberno sempre defendeu o mesmo, o servizo se presta e melloramos todo o que se poida pero non confundamos a ninguén, o Concello non pode seguir asumindo as competencias da Comunidade Autónoma, benvida sexa esta subida que fai a Xunta de Galicia, lamentamos que non se fixera antes e sobre todo lamentamos que non se ocupe que se ten que ocupar que é o cen por cen deste servizo.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a moción presentada polo Partido Popular esta resulta rexeitada por CATRO VOTOS A FAVOR (PP) e SETE VOTOS EN CONTRA (4 MS) (3 PSdeG).**

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2021-1420 de 25 de outubro ata o núm. 2021-1635 de 17 de decembro.**

Quedan dada conta dos decretos.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

### ROGOS

**1º.- Sr. Rodríguez Davila:** Rogámoslles que revisen os rogos presentados por este grupo e que a día de hoxe seguen sen executarse, sen levarse a cabo esas melloras tanto en servizos como en diferentes infraestruturas, polo tanto insisto e rogamos que revise o goberno os rogos que presentamos e que a día de hoxe están sen executar e sen levarse a cabo.



**2º.- Sr. Núñez Troncoso:** En canto á modificación da ordenanza do IBI, xa que vostedes mencionaron que ían a elaborar un modelo, un formulario específico para solicitar as bonificacións, esperemos que estea operativo a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, si se publica en prazo, esperemos.

**Sra. Alcaldesa:** O formulario está realizado e estará a disposición cando sexa pertinente despois da aprobación definitiva e da publicación no Boletín Oficial da Provincia, recollemos o rogo.

**Sra. Valcárcel Bernárdez:** Facerlle unha puntualización a Loli que antes dixo “polo baixo” que Marta a Alcaldesa de Salvaterra renunciaba as horas e non renuncia.

**3º.- Sr. Rodríguez Davila:** Como está rematando o ano e para que non volva a suceder o de todos os anos lle rogo en nome deste Grupo que faltan días para rematar o ano, paguen vostedes todas as facturas entradas en rexisto, vía telemática ou vía rexisto ordinario, aos provedores, as empresas contratadas de servizos e todo canto está pendente de pagar a día de hoxe. Non veñan vostedes despois no mes de febreiro, marzo e abril dicindo que teñen millóns de euros nas contas e a día de hoxe sabemos que ten que haber facturas sen pagar, polo tanto, como hai días e hai marxe, lles rogamos que paguen as facturas en tempo e forma e así o REC do ano 2022 será moito menor que deste ano 2021 que foi 1.950.000€. Insisto, paguen vostedes, xa que alardearon de superávit, cartos, etc.. nas contas públicas deste Concello, paguen vostedes facturas que están pendentes a día de hoxe, de hoxe ao 31 de decembro.

**Sra. Pereira González:** Efectivamente pagaremos o que orzamentariamente sexa posible, como comprenderás non podemos pagar o que nos dea a gana, non se trata só de ter diñeiro nas contas como dis ti que alardeamos. Efectivamente cando rematamos o ano e hai diñeiro nas contas claro que alardeamos, pero non só se trata de ter diñeiro na conta, hai que ter diñeiro na conta e crédito na partida orzamentaria, dúas cousas importantes e diferentes, que a veces parece que as confundides, pagaremos o que orzamentariamente sexa posible.

**Sra. Alcaldesa:** E tamén o que o persoal sexa capaz de executar, en tres día que quedan de ano porque hai moitísimas xestións que facer e a parte dos condicionantes que acaba de dicir Lucía que son procedementos, tamén hai un traballo feito dende o departamento de intervención e tesourería que ademais sei que nos últimos días se esforzaron moitísimo e hai que ter en conta que a estrutura do Concello da para o que da.

#### **PREGUNTAS:**

**1º.- Sr. Rodríguez Davila:** Quería preguntarlle a Sra. Alcaldesa, quen preside a



FEGAMP?

**Sra. Alcaldesa:** Alberto Varela, Alcalde de Vilagarcía.

**2º.- Sr. Rodríguez Davila:** Do partido socialista, que firmou o convenio coa Xunta. Que votou o grupo socialista, vostede como portavoz, cando este grupo municipal presentou unha moción para reclamarlle ao Goberno do Estado para que lle devolverá aos galegos os 300 millóns de euros que nos retiñan inxustamente do IVE recaudado polos galegos e que o Goberno de España non quería destinar aos orzamentos autonómicos, quen votou neste pleno municipal en contra de reclamarlle eses cartos?

**Sra. Alcaldesa:** Demos a argumentación naquel momento por unha tramitación errónea do Sr. Montoro mentres gobernaba o Partido Popular. Votamos en contra pola tramitación que fixera o Sr. Montoro naquel momento, errónea.

**Sr. Rodríguez Davila:** Con esas dúas contestacións, Sra. Alcaldesa, Presidente da FEGAMP do Partido Socialista que firma o convenio e co rexeitamento do Grupo Socialista Municipal e Movemento Salceda reclamándolle eses cartos, vostedes logo din e poñen escusas para destinar máis recursos ao servizo de axuda no fogar, quedou todo dito e retratado.

**3º.- Sr. Núñez Troncoso:** No rexistro de entrada, nas facturas que entran no Concello, detectamos que hai dúas facturas no que o concepto pon “revista suboficiales”, isto que é en concreto?

**Sra. Pereira González:** É unha publicidade do Concello de Salceda de Caselas nunha revista.

**Sr. Núñez Troncoso:** E se gastan vostedes 1200€ nunha publicidade nunha revista dun corpo con suboficiais, que relación ten iso co Concello?

**4º.- Sra. Pérez Cabaleiro:** Si se vai a aumentar o horario da biblioteca de forma extraordinaria en época de exames os sábados pola mañá.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Si, esa é un pouco a idea cando volva todo a normalidade. Este ano analizouse, ao final non chegamos a tempo para poder levalo adiante pero si se vai intentar, dentro das medidas orzamentarias que teñamos, ampliar ese horario. Tamén é certo que as anteriores veces que se fixo non tivo éxito, pero si está previsto inténtalo de novo, pero insisto sempre que as posibilidades económicas e técnicas o permitan. A biblioteca inicialmente abría de luns a sábado e facíase xornada partida de luns a venres, os sábados abría só pola mañá, xa fai uns anos que se decidiu cambiar e funcionando realmente bastante mellor a nivel de usuarios e a nivel





operativo, decidiuse cambiar para abrir ininterrompidamente de 9 da mañá a 9 da noite. Creemos que funciona mellor así e non abrindo aos sábados e facendo xornada partida. Tamén quero dicir que nas bibliotecas de aquí limítrofes non abren aos sábados e tamén neste sentido quero ter unha mención especial para o persoal que traballa na biblioteca municipal porque a biblioteca municipal de Salceda leva aberta ininterrompidamente despois da pandemia, foi unha das moi poucas bibliotecas que abriron despois da pandemia, do confinamento no 2020, con todas as medidas de seguridade cando as bibliotecas de Porriño, Tui, Salvaterra aínda estaban pechadas e a biblioteca de Salceda abriu. É un servizo que está funcionando moi ben, quero aproveitar e felicitar e dicir que este é en moi gran parte do traballo do persoal que traballa alí.

**5º.- Sr. González Souto.-** Fai un ano tratouse neste pleno instar á Deputación de Pontevedra un informe sobre a seguridade, sobre todo retirar eses bordillos que tanto molestan aos veciños e tanto dano levan producido. Fai vostede un momento que dixó que non lle tremía o pulso para reclamarlle a ningunha administración. Durante todo este ano houbo unha deixación de funcións pola súa parte, á hora de xestionar o que aquí no pleno se aprobou. Como estamos a día de hoxe no tema de retirar eses bordillos de formigón do carril bici ou do estudio que se espera ou das comunicacións que leva practicado coa Deputación esixíndolle o cumprimento de ese acordo plenario?

**Sra. Alcaldesa:** Algunha comunicación fixen de maneira telefónica e non hai avances sobre o mesmo, de maneira escrita non se lle realizou.

**Sr. González Souto:** É unha pena que non tomen vostedes isto en serio porque sería un beneficio para os veciños.

**6º.-** Canto prazo teñen os veciños para solicitar a bonificación do Imposto de Rodaxe para os vehículos híbridos e con etiqueta ecolóxica?

**Sra. Pereira González:** Agardo que se publique a aprobación definitiva o luns e a partir do luns, o propio texto que aprobamos dicía antes de que o padrón adquira firmeza, polo tanto ata a exposición pública do padrón de vehículos hai período para solicitala, soe ser entorno a abril-maio. A partir de que sexa a aprobación definitiva faremos tamén a publicación para información a veciñanza do modelo que hai para solicitala e do prazo.

**7º.- Sr. Núñez Troncoso:** Quería preguntar sobre facturas emitidas á concellalía de Xuventude, un pon “elaboración dunha memoria dentro do marco do programa Erasmus” 4800€, en que consiste isto e cantos participantes asistiron?

**Sr. Rodríguez Canosa:** Este ano no 2021 unha empresa especializada niso encargámoslle unha memoria para a solicitude de dous proxectos europeos



orientados a nosa mocidade, a mocidade de Salceda de Caselas, por sorte estes dous proxectos europeos foron aprobados, foron concedidos, nós non participamos solos senón que participábamos acompañados doutros organismos europeos e de todo o mundo, entre os dous proxectos serán aproximadamente entre 400.000€ de axuda e de inversión que a Salceda lle corresponderá unha porcentaxe a comezos de ano, porémonos a traballar con iso, unha vez que teñamos todos os trámites coa Unión Europea realizados, son proxectos para desenvolver en dous anos, estamos moi contentos porque creemos que foi unha inversión moi positiva que de 4800€ como ben dixeches investidos poidamos ter un retorno cerca de 400.000€

**Sr. Nuñez Troncoso:** 400.000€ para Salceda só.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Dous proxectos europeos que van contar cun orzamento de 40.000€ aproximadamente. Son proxectos europeos nos que van a participar mocidade de Salceda de Caselas.

**Sr. Núñez Troncoso:** Queremos saber se esa subvención ven destinada integramente a mozos de Salceda ou se reparten con outros Concellos.

**Sr. Rodríguez Canosa:** A Salceda lle corresponde unha porcentaxe.

**Sr. Rodríguez Davila:** Fai un ano por estas datas felicitábamos o nadal como é costume e pedíamos e desexabamos todos que para este decembro do ano 2021 fose mellor de aquel entón, desgraciadamente nuns si pero noutros non, a situación sigue máis ou menos equilibrada en canto a situación epidemialóxica e de pandemia polo tanto dende aquí este mensaxe de desexo que sexa máis forte que o do ano pasado para que efectivamente en decembro do ano 2022 sexa posible afirmar con rotundidade que efectivamente entre todos superamos esta situación. Dende aquí agradecer enormemente o traballo de cada cidadán no seu ámbito competencia, fago extensiva a felicitación do Grupo Popular do Concello de Salceda de Caselas a todos e cada un dos homes e mulleres que a diario combaten esta situación, polo tanto dende aquí o noso agradecemento e a nosa satisfacción pola entrega de todos os profesionais de todos os ámbitos da sociedade española en xeral e por último, esperemos e confiemos que teñamos boas novas como algunhas que se produciron este ano e estou convencido que algunhas delas, máis pronto que tarde, van chegar en ámbitos que necesitamos para o noso Concello e que estou convencido que nos próximos meses recibiremos boas noticias de algunhas cuestións que a todos nos preocupan, ocupan e polo tanto benefician aos salcedenses no seu conxunto. Bo ano para todos, felices festas, sentidiño e que cada un de nós sexamos responsables en actuacións individuais e que transmitamos a sociedade salcedense exemplaridade por parte desta Corporación en todos os ámbitos que como seres humanos cometemos a veces erros e somos reflexo dos salcedenses, polo tanto ese é o meu desexo e a miña petición en nome do Grupo maioritario desta Corporación Municipal. Bo Nadal a todos.



**Sra. Castiñeira Alén:** Sumarme as palabras do compañeiro e portavoz do Partido Popular, Santi. Decembro sempre é un mes de reflexión, análise, de pensar naquelo que foi ben durante o ano e daquelo non foi tan ben, seguimos estando en pandemia, seguimos vivindo situacións coas que nunca pensábamos atoparnos, creo que as cosas xuntos e xuntas a veces discrepando máis a veces discrepando menos creo que se conseguen, en xeral fíxemos un bo traballo dende a Corporación aplicamos todo o noso coñecemento, todo o noso esforzo e toda a nosa xestión para facilitarlle un chisquiño máis a vida aos nosos veciños e veciñas que é para o que nos escolleron e para o que estamos encomendados, non só o equipo de goberno, estou segura que toda a Corporación. Con acertos e con erros o meu desexo para o ano 2022 é que pouquiño a pouco vaiamos vivindo unha situación mellor, xa non digo de normalidade porque esta normalidade é a que temos e que chegou para quedarse moito tempo, que todo vaia un pouquiño mellor e todos aqueles proxectos que están pendentes de chegar, os que nos ocupan a nós como responsables deste goberno pero tamén os que ocupan a outras administracións vaian chegando e que os que aquí representamos a veciñanza de Salceda teñamos claro que as cousas se conseguen canto todos remamos na mesma dirección, xuntos e xuntas por un obxectivo único que é mellorar a vida da nosa veciñanza. Bo nadal compañeiros, bo nadal compañeiras e a todos os que nos escoitan e a todos aos non nos escoitan, bo nadal a todos.

**Sr. González Coto:** Sumarme as palabras de Santiago Rodríguez e Dolores Castiñeira, está practicamente todo dito, desexarvos a todos os salcedenses un feliz nadal e un próspero ano 2022 que todos sigamos aquí e que non suceda nada malo.

**Sra. Alcaldesa:** Sumarme ás palabras dos tres portavoces, espero, quero poñerlle un pouquiño de espírito esperanzador a este ano que se vai achegar , ao 2022, espero que sexa así. Espero que como dicía a compañeira de Movemento Salceda, sigamos traballando da man e xuntos para conseguir eses proxectos moi importantes para Salceda e que está na nosa labor diaria conseguilos e facer esa labor que nos encomenda a veciñanza de traballar por e para Salceda, creo que os acertos de toda esta Corporación serán os acertos da veciñanza, co cal o desexo de que todo vaia ben, de que a saúde que é o máis importante comecemos a ver un raio esperanzador na pandemia. Sabemos que o entorno neste momento está complexo, esperamos que sexa esperanzador ese ano que vai a entrar polo menos manter ese espírito dende logo con sentidiño. Boas festas e que o ano 2022 sexan cheo de acertos e bos proxectos para a nosa veciñanza, para Salceda.

Non hai asuntos



**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

